

Pautas para a Investigación, Exposición e Creación do Glosario

1. Cómo investigar a palabra asignada

- **Busca en fontes fiables:** Emprega fontes seguras e adaptadas. Aquí tedes algunhas recomendacións:
 - [Instituto Nacional de Estadística para nenos](#): Información básica e clara sobre conceptos da sociedade e política.
 - [El rincón del ciudadano - Congreso dos Deputados](#): Para aprender sobre o Parlamento español.
 - [Infantil y Primaria - Parlamento Europeo](#): Recursos adaptados para coñecer Europa.
 - [Xunta de Galicia - Cidadanía](#): Para temas galegos, como o Estatuto de Autonomía ou a Xunta de Galicia.
- **Usar enlaces de páxinas coñecidas** “[manual sobre política](#)” ou **visionar vídeos en youtube** como este: [La organización política de España](#).

2. Cómo seleccionar a información

- **Ler con atención:** Busca as ideas principais relacionadas coa palabra asignada.
- **Responde estas preguntas básicas:**
 - Que é?
 - Para que serve?
 - Como funciona?
 - Que importancia ten na política española, galega ou europea?
- **Evita copiar e pegar:** Redacta coas túas palabras para aprender mellor.

3. Apartados para a exposición oral

A exposición debe ser breve, clara e pode incluír os seguintes puntos:

1. **Título:** A palabra que investigaches.
2. **Definición:** Explica de forma sinxela o significado.
3. **Función ou obxectivo:** Para que serve este concepto na política?
4. **Exemplo na práctica:** Busca un exemplo real, mellor se está relacionado con Galicia ou España.
 - Por exemplo, se investigas "Concello", podes falar do concello da túa vila ou cidade.
5. **Relación con outros conceptos:** Comenta como se conecta a túa palabra con outras (como democracia, Parlamento ou Constitución).
6. **Curiosidades ou datos interesantes:** Engade algo curioso ou pouco coñecido sobre a túa palabra.

* Lembra! Todo este traballo é en lingua galega, tanto a exposición oral como o texto escrito.

4. Elaboración dun texto explicativo para o glosario

Ademais da exposición oral, deberás preparar un pequeno texto explicativo no ordenador. Este texto incluirá:

- O título ou nome da túa palabra.
- Unha definición clara e sinxela (1-2 liñas).
- Unha breve explicación (3-4 liñas) que resuma o que aprendiches e inclúa algún exemplo.
- Un dato curioso ou unha conexión co día a día.

Formato do texto:

- Extensión: 5-7 liñas máximo.
- Letra: Times New Roman ou Arial, tamaño 12.
- Evita erros ortográficos.

Estes textos serán recollidos tras as exposicións e colocados nun **canva común** para elaborar un **glosario de conceptos políticos**. Este glosario será un traballo colectivo que quedará en edixal como material de consulta para todos.

5. Presentación final

- A túa exposición oral pode incluír un cartel ou diapositiva con imaxes ou esquemas para apoiar a explicación.
- Practica en voz alta antes de expoñer para que te sintas cómodo/a.
- O texto explicativo será a túa contribución ao glosario común, así que elabóralo con coidado.

Con estas pautas, ademais de aprender sobre a palabra asignada, colaboraredes en crear un recurso útil e para toda a clase.